



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00007

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día tres de marzo de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non acude, por causas xustificadas, dona Jessica Sabín Fernández.

Abre a sesión o Presidente, estando asistidos pola secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 17.02.22- A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou aprobar a citada acta do 17.02.22.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/5.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/5 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 8 facturas ascende á cantidade de OITENTA E CATRO MIL OITOCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON OITO CÉNTIMOS (84.867,08 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/5 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 84.867,08 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, e Vista proposta da Alcaldía, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

FORA DA ORDE DO DIA

O sr. Alcalde anuncia que aos efectos de non ralentalizar os pagamentos das certificacións de obra, presentadas por adxudicatarios das mesmas, presentase para aprobación as citadas de seguido.

A Xunta de Goberno Local, ratifica a urxenza por unanimidade dos presentes, polo que se inclúe o citado asunto fóra da orde do día da sesión.

.-APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS (Nº 1, Nº 2 E Nº 3) DE OBRA DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL DE MOURENTE”.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA:

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*”, asinada pola dirección de obra o 6 de outubro de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño na mesma data. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L.** o día 6 de outubro de 2021 por importe de 52.118,33 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*”, asinada pola dirección de obra o 3 de decembro de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño na mesma data. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L. o día 3 de outubro de 2021 por importe de 73.630,69 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*”, asinada pola dirección de obra o 4 de xaneiro de 2022 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 05/01/2022. A correspondente factura foi presentada

telemáticamente pola empresa adxudataria Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L. o día 5 de xaneiro de 2022 por importe de 21.271,09 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE21 384 de data 06/10/2021 con número de rexistro contable F/2021/2677, emitida por **Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 13 de outubro de 2021 por importe de 52.118,33 euros.

SEGUNDO.- Aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE21 456 de data 03/12/2021 con número de rexistro contable F/2021/3149, emitida por **Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 3 de decembro de 2021 por importe de 73.630,69 euros.

TERCEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE21 501 de data 31/12/2021 con número de rexistro contable F/2022/51, emitida por **Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 5 de xaneiro de 2022 por importe de 21.271,09 euros.

CUARTO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” deberán descontárselle 1.390,36 euros pola dirección e inspección de obra e 463,45 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Ao importe total da certificación n.º 2 correspondente a obra “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” deberán descontárselle 1.964,25 euros pola dirección e inspección de obra e 654,75 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Ao importe total da certificación n.º 3 correspondente a obra “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” deberán

descontárselle 567,45 euros pola dirección e inspección de obra e 189,15 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

QUINTO.- Aos efectos da toma de razón do endoso da factura emitida por **Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L.** correspondente á Certificación nº 1 da obra denominada “*Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente*” segundo a solicitude de endoso presentada en data 08/10/2021 e tal e como consta expresamente no propio rexistro contable F/2021/2677, debería remitirse á Tesoureiría a documentación achegada para verificar a adecuada presentación da documentación e proceder ao abono da factura a favor do endosario Zepa Finance, S. L. unha vez que consta presentada toda a documentación preceptiva para a tramitación do endoso.

En relación aos dereitos de cobro da factura nº FE21 308 con número de rexistro contable F/2021/2987 cedidos por Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L. a favor de Abanca Corporación Bancaria, S. L. considerando que a devandita factura foi anulada atendendo a solicitude do emisor da factura, Galitec Desarrollos Tecnológicos, S. L. en data 15/11/2021 debe procederse á desestimación da solicitude de endoso toda vez que a devandita factura non foi presentada novamente e, por conseguinte, non consta a factura relativa ao endoso solicitado como xa foi comunicado ao contratista segundo oficio de data 09/02/2022 rexistrado de saída baixo o número 20220000000407.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández.

A Xunta de Goberno local, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que conforman dito órgano), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE ACTIVIDADE

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo ás dez horas e quince minutos do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

